



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, D. José Torres Romar, presidente da Asociación Galega de Apicultura e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 16º dos Estatutos que rexen dita asociación (nº 2004/007461-1 do Rexistro Central de Asociacións desta Comunidade Autónoma).

EXPOÑEN

Que o Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 11/2015, do 5 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecen que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que a Xunta de Galicia poderá establecer convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, establecen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Entre os fins da Asociación Galega de Apicultura "AGA" está informar, formar e asesorar aos asociados e á sociedade, no seu conxunto, en materia de apicultura, a través de publicacións, cursos, xornadas, conferencias, concursos, demostracións, etc.





XUNTA DE GALICIA

O Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración con AGA, en materia de protección civil, entendendo esta como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través da información, formación, prevención e socorro así como a práctica individual e colectiva da autoprotección, medidas primordiais para evitar riscos ou cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes acontecidos por mor da aparición de enxames, niños e avespeiros en situacións de emerxencia.

Dado que esta actividade de interese público desenvolvida en toda a comunidade autónoma, só pode ser exercidas pola Asociación Galega de Apicultura, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, na administración pública galega.

Por isto ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración no Sistema de Protección Civil de Galicia, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Galega de Apicultura (AGA), en materia de protección civil en canto ao apoio que esta poida aportar nas accións de prevención, promoción, divulgación, información, asesoramento e posible intervención na recollida ou control de enxames, niños e avespeiros que se atoparan en vivendas ou en calquera edificación pública, estamento, organismo público ou lugar de libre concorrência, que, dada a afluencia de persoas, provocaran perigo ou incomodidades ás mesmas, contribuíndo deste xeito á tranquilidade da poboación e colaboración coa protección civil no ámbito territorial da comunidade autónoma.





XUNTA DE GALICIA

Segundo. Mobilización

A información, asesoramento ou mobilización para a intervención efectuarase sempre a través do Centro de Atención de Emerxencia 112 Galicia quen, recibirá as chamadas de emerxencia deste tipo, remitíndollas ao teléfono de contacto da AGA, para a súa avaliación técnica, co fin de establecer unha solución vía telefónica ou coa presenza *in situ* do persoal técnico da AGA.

Considerase situación de emerxencias nos seguintes casos:

- Niños en núcleos urbanos e vivendas
- Niños en establecementos singulares (escolas, institutos, igrexas, hospitais, ambulatorios, oficinas públicas, parques infantís, etc.)
- Niños en lugares de paso de poboación (Camiño de Santiago...)
- Outras situación de emerxencia que o técnico de garda así a considerara en atención aos datos dos que puidera dispoñer

A AGA tomará as medidas oportunas para solucionar a emerxencia en colaboración cos servizos de emerxencias e/ou protección civil municipais que a Central de Emerxencias 112 puidera mobilizar, de forma gratuíta e cargando a este convenio todo o referente a coordinación do grupo, recepción, transmisión de avisos, asesoramento, custes de desprazamento *in situ*, manutención, formación dos seus membros, gastos telefónicos, gastos de funcionamento, consellos técnicos e formación, traballo de recollida ou control dos enxames e avespeiros, agás obras, materiais ou traballos de envergadura.

Terceiro. Formación e información ao persoal de protección civil no ámbito local

Sen prexuízo das prestacións ás que, con carácter xeral poida estar obrigada pola lexislación vixente sobre protección civil, a AGA colaborará coas autoridades de protección civil de Galicia, en materia de información, divulgación e formación do persoal dos servizos de emerxencia e protección civil local e persoal voluntario das AVPC, a través de charlas ou demostracións prácticas.

Para concretar este proceso de formación e información, en colaboración cos membros da protección civil local, estarase aos acordos coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior contando coa participación da Academia Galega de Seguridade Pública.

Cuarto. Libramiento dos fondos

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará para financiar os custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.0 e código de proxecto 2015 00138 640.0 dos



XUNTA DE GALICIA

orxamentos do ano 2018, cunha achega por un importe máximo de vinte e dous mil cincocentos euros (22500 €).

Para percibir a cantidade a AGA a entregará a seguinte documentación:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas, facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é de vinte e dous mil cincocentos euros (22500 €), que se reducirá na mesma proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total (anexo I).
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Considerase xustificante de pagamento válido unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo/a presidente/a da asociación.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure "pagado" xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.
- Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade do/a presidente/a da asociación como o "recibín" do perceptor desta compensación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecido, ou ben non ser correctas na súa totalidade, o pago reducirase na mesma proporción que a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte de AGA, das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2018.

Quinto. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Sexto. Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

A persoa responsable dunha subdirección dependente da dirección xeral

Un/unha técnico/a dependente da mesma

Pola AGA:

O/a presidente/a

O/a secretario/a

Sétimo. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas.

Oitavo. Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.





XUNTA DE GALICIA

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar á súa resolución e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes.

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ó disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Noveno. Vixencia

A vixencia do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018

Pola XUNTA DE GALICIA
O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza


Alfonso Rueda Valenzuela

Pola Asociación Galega de Apicultura
O presidente



José Torres Romar



XUNTA DE GALICIA

ANEXO I

ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA (AGA)

Coordinación do convenio. Recepción, transmisión de avisos, asesoramento, e atención das incidencias de abellas e avespas que tiveran lugar. Preparación e impartición da "Xornada sobre alertas por enxames de abellas e niños da avespas" destinadas a formación dos membros de protección civil de Galicia	20570 €
Seguro de accidentes para o persoal de intervención de AGA	974 €
Gastos imprevistos	956 €
TOTAL, IMPOSTOS INCLUÍDOS	22500 €